

Galaxia publica as obras completas de Castelao

[Galaxia](#) vén de sacar do prelo os oito tomos da colección completa das 'Obras de Castelao' nunha edición crítica elaborada por un equipo de especialistas. Agora que remata o 2000, ano do cincuentenario da morte deste galeguista e tamén da fundación da propia editorial, publicanse seis tomos coa súa obra (Obra literaria, Sempre en Galiza, escritos políticos, oratoria, Diario 1921. Escritos sobre arte e Epistolario) e dous titulados 'Para ler a Castelao' (unha cronoloxía con entrevistas e bibliografía e unha biografía ademais de estudos sobre a obra escrita), con comentarios e suplementos. Xúntase así, por primeira vez, a obra escrita de [Alfonso Daniel Rodríguez Castelao](#) nunha edición crítica. Na web de Galaxia poden atopar máis información sobre estes libros, xunto cunha entrevista co coordinador dos traballos, Henrique Monteagudo.

- 10:08 28/12/2000

.